

San Sadurniño

Os "perucos" de Silvalonga, feitos toda unha delicatessen

Ata o domingo negocios hostaleiros da vila mostrarán o que se pode facer con estas froitas

A Asociación Galega da Froita Autóctona (AGFA) continúa co seu labor de promoción e conservación das froiteiras e froitos autóctonos. Unha das últimas propostas deste colectivo é dar a coñecer á xente os tradicionais "perucos", hoxe esquecidos e en perigo de extinción, dos que se conservan dúas árbores en San Sadurniño.

ta especie, motivo polo cal se puxeron a traballar para que a xente da vila e os seus propietarios saiban da importancia que ten a súa conservación. Dito e feito, xa que AGFA xa se comprometeu cunha das familias, de Silvalonga, a adquirir a produción dunha das árbores -obtéñense da orde dos 100 quilos ao ano- no vindeiro trienio. Este exemplar "sempre estivo alí", segundo lembran os seus propietarios, motivo que fai pensar aos membros da asociación eumea que se trata dunha árbore centenaria.

Precisamente, o pasado día 8, no concurso de froitas da Festa Rural da vila, o gañador da variedade en perigo de extinción foi Orlando Calvo García, o propietario da devandita froiteira.

Agora, oito establecementos hostaleiros da vila mostran estas froitas, xa transformadas en delicatessen por parte de María Dulce Lago, unha artesá alimentaria do taller Arela, que os converteu en pequenas exquisiteces. Uns cubertos de chocolate negro, outros de caramelo e outros en almíbar.

Así, cada un destes negocios mostrará nunha bandexa de cristal tres tarros coas diferentes variedades tratadas polo taller Arela para, deste xeito, dar a coñecer as potencialidades dun produto a piques de desaparecer e que xa o domingo poderá ser degustado.

M.F. FERROL

■ Moitos son os que lembran o sabor e aspecto dos tradicionalmente chamados "perucos". Unha variedade autóctona de pera pequena e moi saborosa que non hai tanto tempo era habitual nos fogares pero que co tempo foi desaparecendo das hortas e das nosas vidas. Precisamente contra estas tendencias loitan xa hai tempo desde a Asociación Galega da Froita Autóctona (AGFA), que perseguen que especies coma esta, en perigo de extinción, volvan aos fogares e formen parte da nosa dieta.

A primeira Feira Rural de San Sadurniño, que se celebrou a pasada fin de semana, serviu para que desde este colectivo coñeceran a existencia neste municipio de dous exemplos de pereiros des-



Nas fotos, a árbore da que saen os "perucos" e a cesta gañadora do premio á variedade en perigo de extinción D.A.



O presidente e secretario de AGFA, Ramiro Martínez e Juan Marcote, posan cos perucos de Silvalonga D.A.